



# Aplicación para a elaboración de programacións en FP

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*



XUNTA  
DE GALICIA

# Antecedentes

## Os currículos dos ciclos formativos LOE

- Títulos publicados no BOE 101
- Currículos publicados no DOG 47.
- En elaboración para a implantación no vindeiro curso 45.
- A implantación dos novos currículos é un gran momento para apostar por unha estratexia que permita que o alumnado acade todas as competencias e cos niveis que se establecen nos currículos.
  - A programación pódese entender como a letra pequena do contrato de servizo educativo centro/profesor e o alumnado.

# Antecedentes

## Antiga FP

- Baseada en materias teóricas comúns+tecnoloxía+prácticas
- Os currículos eran cuestionarios cunha relación de contidos a ensinar.
- O profesorado elaboraba as programacións unicamente baseándose neses contidos.
- Avaliábase o que se ensinaba: os contidos. Inferíase que se acadaban os obxectivos.

# Antecedentes

## FP LOXSE

- Establécese o perfil profesional como o referente da formación.
  - Unidade de competencia
  - Módulos asociados
- Obxectivos: Capacidades terminais elementais
- Criterios de avaliación
- Contidos
- Avaliación baseada en competencias

# Antecedentes

## FP LOXSE. Dificultades observadas

- Currículos complexos e heteroxéneos pola propia estrutura dos títulos.
- Mantense a inercia de programar por contidos.
- Séguese a avaliar os contidos e maiormente os conceptuais.
- Falta de instrumentos eficaces de apoio ás programacións.
- As programacións reais non sempre están explícitas.

# Antecedentes

## FP LOE

- Establécese o perfil profesional como o referente da formación, baseado no CNCP.
- Obxectivos: Resultados de aprendizaxe.
- Criterios de avaliación vinculados aos RA.
- Contidos relacionados cos RA e CA.
- Avaliación baseada en competencias.

# Antecedentes

## Programacións de módulos de FP

- Tradicionalmente o profesorado elabora a programación cumprindo uns aspectos formais pero que finalmente non usa.
  - Teñen unha gran diversidade de formatos e en moitos casos imprecisións.
  - Ás veces, non desenvolven correctamente o currículo polo que é moi difícil o seguimento e a obtención de información de cara a posibles reclamacións por parte do alumnado.
- É necesario:
  - Modelos de programacións que respondan aos currículos.
  - Formar ao profesorado para realizar programacións útiles á súa tarefa docente e transparentes para os alumnos.

# Antecedentes

## Cambio normativo

- Publicación do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, de ordenación da FP.
  - O artigo 34º establece os elementos que debe conter unha programación para desenvolver o currículo das ensinanzas de formación profesional.
  - O artigo 34.6. establéce que a consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na **elaboración e no seguimento das programacións.**



# Antecedentes

## Cambio normativo

- Publicación da Orde do 12 de xullo, de desenvolvemento da FP.
  - O artigo 23º, que desenvolve o artigo 34º do decreto de FP, establece, en detalle, os elementos que debe conter unha programación para desenvolver o currículo das ensinanzas de formación profesional.
  - No anexo XIII establécese un modelo normativo de presentación das programacións de FP.

# Desenvolvemento curricular e programación

Dirección Xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

# Tipos de programación

- Perspectiva tradicional
  - Programación didáctica.
  - Programación de aula.
- Estes dous tipos de programacións fúxiónanse na nova normativa de FP
  - Programación (FP)


# Programación didáctica

- **Distribución de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.**
- **Metodoloxía didáctica que se vai aplicar.**
- **Procedementos de avaliación da aprendizaxe.**
- Actividades de recuperación.
- **Materiais e recursos didácticos.**
- Programación correspondente aos temas transversais.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.

# Programación de aula

- Distribución de resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos.
  - Unidades didácticas.
  - Actividades.
- Metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
  - Método didáctico: fases e tipos de actividades.
  - Descrición de actividades e tarefas.
  - Recursos: uso de materiais e espazos.
  - Roles do profesorado e do alumnado.
- Procedementos de avaliación da aprendizaxe.
  - Actividades de avaliación.

# Relación entre a programación didáctica e a de aula



# Programación FP

A34°. Decreto 114/2010. A23°. Orde 12 xullo 2011

- 1. Identificación da programación.
- 2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional.
  - Secuencia.
  - Tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

# Programación FP

A34°. Decreto 114/2010. A23°. Orde 12 xullo 2011

- 4. Por cada unidade didáctica:
  - a) Identificación da unidade didáctica.
  - b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.
  - c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
  - d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos esixibles e o peso da cualificación.
  - e) Contidos.
  - f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.



# Programación FP

A34°. Decreto 114/2010. A23°. Orde 12 xullo 2011

- 5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
- 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
  - a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.
  - b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
- 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

# Programación FP

A34°. Decreto 114/2010. A23°. Orde 12 xullo 2011

- 8. Medidas de atención á diversidade.
  - a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.
  - b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
- 9. Aspectos transversais
  - a) Programación da educación en valores.
  - b) Actividades complementarias e extraescolares.

# O procedemento de elaboración de programacións en FP

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

# A programación

## Etapas

- Etapa 1. A distribución do currículo en UD:
  - Seleccionar os elementos curriculares (RA, CA, BC e Contidos) para cada unha das UD.
- Etapa 2. O proceso de deseño de UD:
  - Diseñar as actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación.

# Etapa 1

## A distribución do currículo en UD

- **Fase 1.** Definir as UD e os seus títulos e descrições.
- **Fase 2.** Seleccionar os elementos do currículo para cada UD.
- **Fase 3.** Adaptar os elementos do currículo ás UD.
- **Fase 4.** Representar a distribución dos RA nas UD.

# Etapa 2

## O proceso de deseño de UD

- **Fase 1.** Seleccionar os elementos curriculares da UD.
- **Fase 2.** Agregar contidos derivados dos CA.
- **Fase 3.** Crear a táboa de actividades da UD.
- **Fase 4.** Seleccionar os elementos da UD que se tratan nas actividades.
- **Fase 5.** Definir novos contidos e CA, tarefas e instrumentos de avaliación.
- **Fase 6.** Elaborar a táboa de tarefas das actividades.

# Aplicación de elaboración de programacións en FP

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

# Procedemento de elaboración Aplicación

- Presentación da aplicación de elaboración de programación.
- Outras funcionalidades
  - Seguimento da programación.
  - Validación da programación e supervisión do seguimento por parte da inspección.



# Liñas futuras

## Posibles estratexias

- Creación de exemplificacións, que servan de referente para a elaboración de recursos didácticos e materiais.
- Elaboración de recursos (actividades) de modo colaborativo e coordinado, por parte do profesorado.
  - Uso de aplicacións informáticas para a difusión dos recursos e para a xestión documental e do protocolo de colaboración.
  - Protocolos de automatización dos recursos para seren transportados a plataformas de teleformación (recursos TIC).
- Detección dos criterios de avaliación que se consideran claves para a adquisición das competencias.
- Evidencia das necesidades de formación do profesorado dos elementos do currículo que non se dominan.

# Grazas pola súa atención

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e  
Innovación Educativa

<http://www.edu.xunta.es/fp>